# ANEXO XIII
# MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15025682 | Fraga do Eume | Pontedeume | 2024/2025 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| HOT | Hostalaría e turismo | CMHOT01 | Cociña e gastronomía | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de adultos |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP0050 | Empresa e iniciativa emprendedora | 2024/2025 | 2 | 53 | 53 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | RAQUEL COBAS GARCÍA |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O curriculum dun técnico en cociña e gastronomía está regulado no texto refundido do Decreto 218/2008 e do Decreto 38/2010.
Nos últimos anos produciuse unha importante perda de emprego prácticamente en tódos os sectores productivos agás no sector servicios, incluíndo a hostelería que experimentou un repunte. Por outra banda, Galicia ven de convertirse nun importante destino turístico, sendo a cuarta comunidade con maior oferta de establecementos de aloxamento e restauración. Tamén é destacable que o Camiño de Santiago acadou unha gran trascendencia internacional que fai que aumenten ano a ano os visitantes na nosa comunidade, salientando que a vila de Pontedeume forma parte do Camiño Inglés e conta cunha importante infraestructura hosteleira. Tendo en conta que o sector turístico galego é o que máis contribúe ao PIB da nosa Comunidade así como á creación de emprego, é evidente a necesidade de seguir formando profesionais de calidade que ocupen os postos que seguirá a demandar o mercado. As ensinanzas do módulo centraranse en espertar o espíritu emprendedor do noso alumnado, pensando nunha boa idea de negocio e explicando as ferramentas necesarias para pola en marcha, os trámites, as axudas das que dispón, así como os riscos aos que se enfrentan e as vantaxes do autoemprego.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Iniciativa emprendedora. | Analizaremos a figura do emprendedor e a idea de negocio. | 9 | 14 |
| 2 | A empresa e o seu contorno. | Analizaremos os factores que rodean a creación dunha empresa e que poden ser claves no seu éxito ou fracaso. | 11 | 27 |
| 3 | Estudio de mercado e necesidades da empresa | Analizaremos o mercado e a política comercial dunha empresa. | 12 | 31 |
| 4 | Financiamento, contabilidade e viabilidade da empresa | Analizaremos a viabilidade económica e financieira da empresa mediante ferramentas de análise contable así como os principais impostos que afectan a unha empresa e a documentación administrativa básica. | 8 | 9 |
| 5 | Forma xurídica e trámites de constitución | Analizaremos as diferentes formas xurídicas que pode adoptar unha empresa e os seus trámites de constitución. | 8 | 9 |
| 6 | Nervios fora | Poremos fin a realización do plan empresarial ca exposición do proyecto | 5 | 10 |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Iniciativa emprendedora. | 9 |

## 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade. | NO |

## 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos. |
| CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social. |
| CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da cociña e restauración. |
| CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora. |
| CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade. |
| CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da cociña e restauración, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial. |
| CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa. |

## 4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de cociña e restauración (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.). |
| Cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. |
| Actuación das persoas emprendedoras no sector da cociña e restauración. |
| O risco como factor inherente á actividade emprendedora. |
| Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social. |
| Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. |

| Contidos |
|---|
| Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da cociña e restauración. |

## 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | A empresa e o seu contorno. | 11 |

## 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | NO |

## 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego. |
| CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas. |
| CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. |
| CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de cociña e restauración en función da súa posible localización. |
| CA2.8 Identificáronse, en empresas de cociña e restauración, prácticas que incorporen valores éticos e sociais. |
| CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais. |
| CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais. |
| CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de cociña e restauración, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial. |

## 4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións. |
| Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de cociña e restauración: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. |
| Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de cociña e restauración: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia. |
| A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial. |
| Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable. |
| Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas. |

## 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Estudio de mercado e necesidades da empresa | 12 |

## 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | NO |

## 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial. |
| CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa cociña e restauración e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen. |
| CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing. |
| CA2.12.1 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a responsabilidade social e o plan de márketing. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.12.2 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios. |

### 4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Localización da empresa.<br><br>Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.<br><br>Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing. |

### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Financiamento, contabilidade e viabilidade da empresa | 8 |

### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. | SI |

### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais. |
| CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa. |
| CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa cociña e restauración, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidació |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d |
| CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial. |

## 4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da cociña e restauración. |
| Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais. |
| Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa. |
| Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira. |
| Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa. |
| Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de cociña e restauración: documentos administrativos e documentos de pagamento. |
| Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira. |

## 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Forma xurídica e trámites de constitución | 8 |

## 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha. | SI |

## 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos para desenvolver a actividade empresarial. |
| CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determináronse as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio. |
| CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da cociña e da restauración. |
| CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida. |
| CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa. |
| CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica. |
| CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa. |
| CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas da cociña e restauración tendo en conta a súa localización. |
| CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións. |

## 4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Formas xurídicas das empresas. |
| Responsabilidade legal da persoa empresaria. |
| A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. |
| Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. |
| Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. |
| Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de cociña e restauración. |
| Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións. |

### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Nervios fora | 5 |

### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade. | NO |
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | NO |

### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora. |
| CA2.4 Aprecíouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico. |
| CA2.13 Expuxose o proyecto empresarial explicando as partes básicas do plan e defendendo a idea emprendedora. |

### 4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración. |

### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para aprobar o módulo o alumno/a deberá obter a avaliación positiva dos seguintes mínimos esixibles.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

¿ CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.

¿ CA1.3. Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.

¿ CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.

¿ CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.

¿ CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultura.

¿ CA2.4. Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.

¿ CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística en función da súa posible localización

¿ CA2.8 Identificáronse, en empresas de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, prácticas que incorporen valores éticos e sociais

¿ CA2.9. Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.

¿ CA2.10. Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.

¿ CA2.11. Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de axencias de viaxes, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

¿ CA2.12.1. Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios.

¿ CA2.12.2. Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a responsabilidade social e o plan de márketing.

¿ CA2.13. Expuxose o proyecto empresarial explicando as partes básicas do plan e defendendo a idea emprendedora.

¿ CA3.1. Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.

¿ CA3.6. Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.

¿ CA3.9. Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

¿ CA4.1. Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

¿ CA4.2. Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

¿ CA4.5. Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

Para a avaliación dos coñecementos acadados por cada alumno/a no módulo utilizaranse a seguinte ponderación:

Un 50% para as probas escritas que conterán preguntas sobre os contidos impartidos na aula e cuxa participación nas mesmas será obrigatoria para superar o módulo.

Un 50% para o plan de empresa que se irá elaborando o longo de todo o curso. Esté 50% quedará dividido na derradeira avaliación separando un 40% para o proyecto e un 10% para exposición do mesmo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o curso o docente proporá aos alumnos que non superaron certos contidos que realicen as tarefas necesarias para a recupación do mesmo. Se se trata do plan de empresa, como é unha tarefa transversal a todo o curso o alumnado poderá facer todas as modificacións necesarias no mesmo ata lograr a valoración positiva.

No mes de xuño terán lugar unhas probas de recuperación para aqueles alumnos que non superaron o módulo. As alumnas e os alumnos terán que volver sobre o explicado durante o curso para chegar aos mínimos esixíbles. Nese tempo, o profesor estará á disposición das alumnas e alumnos para aquelas consultas para as que sexa necesaria a explicación.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Todo alumno/a que supere o límite de faltas de asistencia das horas totais do módulo establecido legalmente perderá o dereito a avaliación continua e deberá presentarse para superar o módulo a unha proba extraordinaria de avaliación despois da avaliación final de módulos onde se examine de tódolos contidos vistos ao longo do curso.
Esta proba consistirá nun exame teórico-práctico escrito que se valora sobre 10 no cal será necesario acadar polo menos un 5 para superar o módulo.
Para o alumnado có módulo pendiente de cursos anteriores a proba consistirá ben nun traballo ou nun exame teórico-práctico sobre os contidos da programación e valorase tamén sobre 10.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será realizado segundo o modelo da aplicación informática de programacións facilitada pola Consellería de Educación. Así mesmo, nas reunións do departamento da especialidade analizarase o nivel de cumprimento do programado, así como a valoración dos resultados académicos obtidos. No caso de modificacións na programación, xustificarase debidamente facendoo constar na acta da reunión do departamento.

Para realizar a avaliación da práctica docente seguirase o que establezan os protocolos de calidade do centro.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial incidirá nos coñecementos previos do alumnado, así como nas súas actitudes iniciais.

Para realizar esta avaliación inicial utilizaremos un cuestionario con preguntas tipo test de resposta múltiple e/ou para completar e desenvolver, relacionadas cos contidos do módulo.
A información proporcionada pola avaliación inicial non implica cualificación para o alumnado. Esta información obterémolo na primeira semana do curso e a información obtida será proporcionada ao Titor/a responsable do ciclo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que despois da avaliación inicial se detecten necesidades educativas especias adaptaranse na medida do posible as actividades de tal forma que permitan a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, imprescindibles para a superación do mesmo. Algunhas das accións que se poderán levar a cabo serán:

¿ Establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

¿ Deseñar actividades de ensino-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.

¿ Fomentar o traballo en grupo e a axuda recíproca entre compañeiros. Dentro da formación de grupos procurarase que estes sexan heteroxéneos para facilitar a axuda mutua.

¿ Considerar diferentes tempos para la realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

¿ Utilizar recursos e materiais variados (gráficos, audiovisuais, Internet) para unha mellor comprensión por parte dos alumnos e alumnas Incluiranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que no seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo, reforzando así os seus coñecementos e axudando a superar as súas dificultades.

¿ Incluir actividades de recuperación para aqueles alumnos que non acaden as capacidades previstas. Do mesmo xeito, proporanse actividades de ampliación, de investigación ou afondamento para o alumnado con maior capacidade de aprendizaxe.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Como complemento da programación do módulo de EIE, ao longo do curso trataranse algúns dos seguintes temas, moitos deles xa transversais o longo dos contidos do módulo. Xa sexa a modo de debate, coloquio ou como tema obxecto de traballo:

-O medio ambiente como patrimonio común.

-Respecto pola seguridade e a saúde tanto persoal como colectiva.

-A Responsabilidade Social Corporativa das empresas nas súas múltiples dimensións.

-A ética profesional do emprendedor que se reflicte na utilidade social da súa empresa e non no rápido beneficio.

-A economía de mercado como baluarte das sociedades abertas nas que a liberdade e a igualdade (de oportunidades, ante a lei,...) son os valores esenciais.

-Educación do consumidor.

-Educación para a saúde, para a paz e para a igualdade entre os sexos.

-Novas tecnoloxías .

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos poderán participar nos diferentes cursos, talleres ou actividades qeu organicen os profesores algunhas delas poderán ser en colaboración co departamento de Orientación ou de Emprendemento. Estas actividades iranse programando o longo do curso en función da disponibilidade das diferentes institucións e colaboradores.

Como idea inicial algunhas das actividades complementarias que se poderán desenvolver ao longo do curso citanse:
- O emprego de metodoloxía de xogos ou dinámicas de grupos.
- Visualización de videos ou películas relacionados co emprendemento, as ideas de negocio,...
- Realización de debates sobre temas relacionados coa materia obxecto de estudio..

Dentro das actividades extraescolares poderanse incluir:
-As visitas escolares realizadas fóra do centro educativo, a organismos e empresas do sector profesional específico, verificando deste xeito o alumnado a realidade dos contidos tratados na aula. Neste sentido programamos unha visita a un viveiro de empresas, entre outras posibilidades.
-Visitas a organismos oficiais, algunhas programadas para que os alumnos/as reciban algunha charla orientativa como por exemplo : Xulgados do Social, Edificio dos Sindicatos, Escola Galega de Prevención de Riscos Laborais, á Inspección de Traballo,...
-Participación en feiras , mostras, xornadas técnicas, sesións Informativas, charlas e coloquios relacionados co ámbito profesional ou de carácter xeral e realizados fóra ou dentro do centro.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Comunicación da programación ao alumnado

Nas primerias sesións o docente informará ao alumnado matriculado dos seguintes aspectos da programación didáctica:

1. Distribución de las Unidades didácticas y temporalización aproximada.
2. Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de selo caso.
4. Funcionamento da aula virtual do módulo.

Esta programación quedará a disposición do alumnado na aula virtual. A sua explicación realizarase verbalmente co apoio dunha presentación, expoñéndoa na aula con todo o grupo.

### 10.2) Avaliación incial

Nas primeiras sesión pasarase unha proba avaliativa inicial para determinar o punto de aprtida do grupo respecto a materia asi como se hai algunha necesidade de apoio educativo.

### 10.3) Aula Virtual

De modo xeralizado a profesora empregará para o desenvolvemento do curso a Aula Virtual na que compartirá toda a información relativa a materia que sexa de interese para o alumnado.

# ANEXO XIII
# MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15025682 | Fraga do Eume | Pontedeume | 2024/2025 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| HOT | Hostalaría e turismo | CMHOT01 | Cociña e gastronomía | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de adultos |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP0049 | Formación e orientación laboral | 2024/2025 | 3 | 107 | 107 |
| MP0049_12 | Prevención de riscos laborais | 2024/2025 | 3 | 45 | 45 |
| MP0049_22 | Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego | 2024/2025 | 3 | 62 | 62 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | RAQUEL COBAS GARCÍA |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto polo que se regula o ciclo é o 28/2008, do 205 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en cociña e gastronomía.

O Centro encóntrase enmarcado no seguinte ámbito:

Xeográfico: O municipio de Pontedeume ocupa a beira meridional da ría de Ares formada polo río Eume. Forma parte da comarca do Eume xunto con outros municipios como é Monfero, Capela, As Pontes e Cabanas.

As infraestructuras de comunicación son bastante densas, destacando: a nacional 651 de Ferrol a Betanzos, e a autoestrada do Atlántico. Ademais temos outras estradas secundarias como a LC 152 Cabanas - As Pontes, Pontedeume - Miño pola costa e outras secundarias de carácter local.

Habemos falar tamén do ferrocarril, onde Pontedeume está situado na liña Betanzos -Ferrol.

O municipio de Pontedeume está situado no golfo Ártabro e podemos distinguir dúas áreas xeográficas.

Unha é a relativamente ampla veiga que se forma no fondo da ría, onde están as parroquias de Ombre, Nogueirosa, 0 Vilar e a mesma vila. Unha pequena serra, formada polas estribacións da Serra da Loba, cerra o val polo sur, coas súas máximas alturas no monte Queimado (403 metros), Allegue (411 metros) e Castrelo (329 metros).

Outra zona é a estreita franxa costeira que se abre hacia a boca da ría ó pe do monte Breamo, onde están as parroquias de Centroña e Boebre.

A costa e xeralmente abrupta e alta, coa praia de Ber como accidente máis significativo.

A parroquia de Andrade é a única que non se encontra dentro desta división, e a máis interior e alongada da costa.

A poboación alcanza os 8.881 habitantes, cunha densidade de 292 habitantes por quilómetro cadrado. A principal concentración se da na vila, con 4.607 habitantes; o resto se atopa diseminado polos 29,5 kilómetros cadrados da superficie do municipio.

Socioeconómico: Algo máis da metade da súa poboación activa traballa no sector terciario, no porto, o comercio, os servicios persoais e recreativos, hostalería, ensinanza, administración pública, finanzas e transporte interior, en termos porcentuais é o 52,4% do total. Na súa rama industrial, á que se dedica o 31,3% dos activos, destacan as actividades derivadas dos productos primarios, madeira e láctea, así como as de artes gráficas. Na construcción emprégase o 10% da poboación ocupada do municipio.

A agricultura xa non ocupa unha importante posición no municipio, so o 4,8% da ocupación.

Desenvólvese basicamente no grupo familiar, cunha dedicación de tempo parcial. A gandería apenas é importante. A actividade pesqueira e marisqueira é case residual ocupando moi poucas persoas na actualidade.

Cultural: O grao de cualificación profesional aumentou considerablemente. Case o 30% do total da poboación ocupada son traballadores cualificados na industria

Laboral: Do análise da poboación ocupada segundo situación socioprofesional extraese que o grupo abertamente maioritario é o dos asalariados, o 76%. Do que un 55,5% son asalariados fixos e o 25,5% restante, eventuais.

En Pontedeume pusoxe en marcha un Parque Empresarial con dúas importantes empresas xa instaladas e unha capacidade de ampliación do solo ata as 800 Has. Este dispositivo permítelle desenvolver as ofertas do seu tecido productivo.

O sector da Cociña é un nicho de mercado dentro da economía actual. A situación sociocultural actual fai que sexa un dos sectores nos que as perspectivas de emprego son optimistas.

O módulo de FOL contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laborálmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector produtivo.

As unidades relativas ao mesmo serían as seguintes:
UD 1. Seguridade e saúde na empresa.
UD 2. A avaliación de riscos profesionais.
UD 3. Planificación de prevención de riscos
UD 4. Medidas de prevención e protección.
UD 5. O dereito do traballo e a representación.
UD 6. Características do contrato: modificación, suspensión e extinción
UD 7. O recibo dos salarios, a seguridade social e as súas prestacións
UD 8. Os equipos de traballo e a xestión do conflito
UD 9. Proxecto profesional e procura de emprego

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

o) Analizar e utilizar os recursos e oportunidades de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector e as tecnoloxías da información e a comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
p) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
q) Tomar decisións de forma fundamentada, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación nas mesmas, para afrontar e resolver distintas situacións, problemas ou continxencias.
r) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e coordinación de equipos de traballo.
s) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se van a transmitir, á finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
t) Evaluar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propoñendo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir contornas seguras.
u) Identificar e propoñer as accións profesionais necesarias, para dar resposta á accesibilidad universal e ao «deseño para todos».
v) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e actividades realizados no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser capaces de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
w) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
x) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar como cidadán democrático.

Ademáis, co estudo do módulo, o alumnado acadará as seguintes competencias do título:

l) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos á súa contorna profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

m) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.

n) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o desenvolvemento do mesmo, mantendo relacións fluídas e asumindo o liderado, así como aportando solucións aos conflitos grupales que se presenten.

ñ) Comunicarse cos seus iguais, superiores, clientes e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou coñecementos adecuados e respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

ou) Xerar contornas seguras no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.

p) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidad universal e de «deseño para todos», nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

q) Realizar a xestión básica para a creación e funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.

r) Exercer os seus dereitos e cumprir coas obrigacións derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

As liñas de actuación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- O manexo das fontes de información sobre o sistema educativo e laboral, en especial no referente ás empresas.
- A realización de probas de orientación e dinámicas sobre a propia personalidade e o desenvolvemento das habilidades sociais.
- A preparación e realización de modelos de curriculum vitae (CV) e entrevistas de traballo.
- Identificación da normativa laboral que afecta aos traballadores do sector, manexo dos contratos máis comúnmente utilizados, lectura comprensiva dos convenios colectivos de aplicación.
- A cumplimentación de recibos de salario de diferentes características e outros documentos relacionados.
- A análise da Lei de Prevención de Riscos Laborais, que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no seu sector produtivo, e que lle permita colaborar na definición dun plan de prevención para unha pequena empresa, así como na elaboración das medidas necesarias para a súa posta en funcionamento.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Seguridade e saúde na empresa | Tratarase a necesidade de recoñecer a importancia do cumprimento das normas de saúde e seguridade, a relación entre traballo e saúde e os dereitos e deberes preventivos. | 10 | 11 |

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|---|---|---|---|---|
| 2 | A avaliación de riscos profesionais. | Abordarase a transcendencia social que ten a prevención. Coñeceremos os factores de risco máis comúns no ámbito laboral e o xeito de evitalos. | 13 | 11 |
| 3 | Planificación e prevención de riscos | Analizaranse o plan de prevención e a posta en marcha, así como os dereitos e deberes, as responsabilidades e sancións. | 12 | 11 |
| 4 | Medidas de prevención e protección. | Aprenderanse as diferentes medidas preventivas tanto colectivas como individuais (EPIs), a sinalización e as técnicas de primeiros auxilios. Estudarase como funciona un plan de emerxencia. | 10 | 11 |
| 5 | O dereito do traballo e a representación. | Tratarase a importancia do dereito do traballo, analizando as obrigas e dereitos dos traballadores. Dando especial importancia o dereitos de representación, sindicalización, negociación e resolución de conflitos colectivos. | 14 | 12 |
| 6 | Características do contrato: modificación, suspensión e extinción | Distinguiranse os elementos do contrato e os tipos; coñeceranse as diferenzas entre modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo e as súas consecuencias | 12 | 11 |
| 7 | O recibo de salarios, a seguridade social e as súas prestacións | Resolveranse recibos de salarios mediante o estudo dos seus elementos tendo en conta as aportacións a Seguridade Social. Estudaranse as coberturas sociais no campo de aplicación do réxime xeral e as prestacións contributivas. | 16 | 11 |
| 8 | Os equipos de traballo e a xestión do conflito | Valorarase a importancia do traballo en equipo neste sector, xunto cunha boa comunicación e resolución de conflitos. | 8 | 11 |
| 9 | Proxecto profesional e procura de emprego | Investigaranse as saídas profesionais, competencias, obxectivos do título para acadar unha carreira profesional. Analizaranse as posibilidades de traballo coa titulación acadada. | 12 | 11 |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Seguridade e saúde na empresa | 10 |

### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral. | SI |

### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora. |
| CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.3 Aprecíouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais. |
| CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente. |
| CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores. |
| CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da cociña e restauración. |
| CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais. |

## 4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde. |
| Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. |
| Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais. |
| Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral. |
| Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos. |

## 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | A avaliación de riscos profesionais. | 13 |

## 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da cociña e restauración. | SI |

### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en cociña e gastronomía. |
| CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles. |
| CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en cociña e gastronomía. |
| CA2.4 Identificáronse as situacións de risco más habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en cociña e gastronomía. |
| CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título. |

### 4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais. |
| Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados. |
| Riscos específicos no sector da cociña e restauración en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados. |
| Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da cociña e restauración. |

### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Planificación e prevención de riscos | 12 |

### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados. | SI |

### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

- CA3.2.2 - En supostos prácticos debidamente caracterizados: Definiuse a estructura da oferta.
- CA3.2.3 - En supostos prácticos debidamente caracterizados: estableceuse a conservación ou rexeneración da oferta.
- CA4.2 - Valoráronse os recursos humanos e materiais dispoñibles.
- CA4.3 - Identificáronse os obxectivos económicos do establecemento.
- CA4.6 - Considerouse a estacionalidade, o emprazamento e a imaxe corporativa do establecemento.
- CA4.8.1 - Definíronse as necesidades de variación e rotación da oferta.
- CA4.8.2 - Xustificáronse as necesidades de variación e rotación da oferta.
- CA4.9.1 - Aplicáronse as técnicas publicitarias de venda nos soportes utilizados para a súa comunicación.
- CA4.9.2 - Valorouse o rendemento dunha carta para proceder a súa renovación.
- CA4.10 - Seleccionáronse os produtos culinarios e os de pastelaría e repostaría, e recoñeceuse a súa adecuación ao tipo de oferta e os obxectivos do establecemento.
- CA5.2.1 - Identificáronse as variables implicadas no custo da oferta.
- CA5.2.2 - Identificáronse os obxectivos económicos establecidos.
- CA5.3.1 - Interpretouse correctamente a documentación relativa ao rendemento e ao escandallo de materias primas.
- CA5.3.2 - Interpretouse correctamente a documentación relativa ao rendemento e ao escandallo de elaboracións culinarias.
- CA5.4.1 - Valoráronse os custos das elaboracións de cociña, e das de pastelería e repostaría.
- CA5.6 - Recoñecéronse os métodos de fixación de prezos.
- CA5.7 - Distinguíronse os custos fixos e os variables.
- CA5.8 - Realizáronse as operacións de fixación de prezos da oferta gastronómica.
- CA2.1 - Caracterizáronse os grupos de alimentos.
- CA2.2.1 - Identificáronse os principios inmediatos e outros nutrientes, así como a utilización que fai deles o organismo.
- CA2.2.2 - Identificáronse as funcións dos principios inmediatos e doutros nutrientes.
- CA2.3.1 - Recoñecéronse as necesidades nutricionais de cada biotipo ou do colectivo que o integra en cada etapa da vida.

- CA2.4 - Describíronse as dietas tipo.
- CA2.5.2 - Calculouse o valor enerxético e nutritivo global dunha dieta.
- CA2.6.1 - Recoñecéronse os valores para a saúde da dieta mediterránea.
- CA2.6.2 - Recoñecéronse os valores para a saúde da dieta atlántica.
- CA2.7.2 - Caracterizáronse as dietas para necesidades alimentarias específicas.

Para a superación das avaliacións parciais o alumnado deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos, en cada unha das avaliacións levadas a cabo ao longo do curso.

Ao longo do módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e de traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:
Realizaremos probas de coñecemento que en función dos CAs serán de diverso tipo: test, preguntas curtas de definición, preguntas de relacionar, preguntas de cálculo e casos prácticos, de todos aqueles contidos recollidos no currículo e polo tanto os criterios de avaliación do módulo que o alumnado debe acadar.

As probas escritas de coñecemento serán realizadas por probas combinadas que estarán formadas tendo en conta os mínimos esixibles dos CAs que se combinan. Se a proba combinada resultase non superada pero iso afectase só un CA ou un pequeno número de CA/subCAs que sexan mínimos esixibles, só estes CA/subCAs deberán ser recuperados e a cualificación da avaliación parcial será de 4.
As probas de coñecemento combinadas faranse por UD. Estas probas escritas faranse de xeito presencial en formato papel.

Dado que non pode haber decimais na nota das avaliacións, o redondeo farase da seguinte forma: se o decimal é inferior a 5 desprazarase, e se o decimal é igual ou superior a 5 incrementarase ata o enteiro superior máis próximo agás nos casos que non se chegue a 5.
A nota final será a suma dos pesos de todas as unidades didácticas e deberá ser igual ou superior a 5 puntos para acadar a avaliación positiva e polo tanto superar as ensinanzas do módulo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Está recollido na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
En concreto no artigo 31.4 O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.
O informe de avaliación individualizado a que se refire o artigo 39 desta orde conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe. O alumnado que non poida acceder ao módulo de FCT, por ter este módulo pendente de superación, deberá realizar durante este período (que coincide co terceiro trimestre) todas aquelas actividades de recuperación que no seu momento se determinen.

Artigo 32. Avaliación final de módulos do segundo curso.

1. A sesión de avaliación final de módulos do segundo curso realizarase logo de rematado o período ordinario de realización da FCT. Para estes efectos, entenderase que o módulo de FCT é un módulo de segundo curso, de acordo co establecido nos currículos correspondentes a cada ciclo formativo.

2. Na sesión de avaliación final de módulos de segundo curso, o equipo docente:

a) Realizará a proposta de título para o alumnado que obtivese cualificación positiva nos módulos de FCT.

b) Proporalle a realización da FCT ao alumnado que recuperase os módulos pendentes de primeiro e segundo curso durante o período ordinario de realización da FCT. Este alumnado deberá formalizar unha nova matrícula para cursar o módulo de FCT.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro. Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento (AP) ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicarase que terá o PD no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicarase o PD. No caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e do PD.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua no módulo de OFERTAS GASTRONÓMICAS, terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final do mes de Xuño.

No caso do módulo de OFERTAS GASTRONÓMICAS, o alumnado será apercibido ou perderá o dereito a avaliación continua, cando supere o número de faltas equivalentes a:

- Apercebemento (superado o 6% da duración do módulo): 6 faltas de asistencia
- Perda do dereito á avaliación continua (superado o 10% da duración do módulo) : 9 faltas de asistencia.

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistira nunha única proba teórico-práctica que versará sobre a totalidade dos criterios mínimos esixibles e poderá estar conformada por preguntas tipo test, de cálculo y/o desenvolvemento, así como pola resolución de supostos prácticos.

A nota mínima para superar esta proba é de 5 puntos (valorando sobre un total de 10 puntos). En caso de non presentarse a cualificación será de 1.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Coa axuda desta aplicación e na versión de traballo recolleranse as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial, así como a valoración e o resultado das actividades realizadas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados. A finalidade, é introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente, farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

Ó final de curso, pasarase unha enquisa ao alumnado para que valoren o desenvolvemento das clases, a práctica docente, a adecuación da esixencia ó currículo do módulo, clima de clase,etc. Así mesmo, o alumnado poderá facer suxestións e á vista das súas respostas, reflexionarase sobre o xeito de dar clase e os aspectos a conservar ou mellorar no futuro.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

No mes de setembro levarase a cabo unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado. O fin desta avaliación é detectar a existencia de alumnado orixinario doutros países e con dificultades na fala, e mesmo tamén, o distinto nivel que se pode dar na clase cando hai alumnado procedente da ESO, de Bacharelato ou de estudos universitarios.

Por outra banda, temos o perfil de xente maior que decide volver á formación despois de quedarse no paro e que non saben empregar as novas tecnoloxías. Tamén, é unha maneira de detectar o hábito de traballo que ten cada un, a súa motivación, etc.

A proba de avaliación ten como obxectivo comprobar o nivel de competencias básicas en canto a lectura comprensiva, expresión escrita, razoamento crítico, dominio das TIC e os seus coñecementos previos da materia, así como as súas motivacións e expectativas que teñen con relación a este módulo.

Esta proba desenvólvese nunha sesión lectiva e os resultados da mesma son de uso persoal e profesional, non se lles dará ningún tipo de nota ó alumnado. Aínda que serán comentadas co titor/a do grupo e co resto do equipo docente por se fora preciso adoitar algunha medida especial con relación a algún alumno/a ou a elaboración dun informe.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que o alumno/a non acade globalmente os obxectivos programados teranse en conta as razóns para deseñar algún tipo de medida que lle axude a acadalos.

Pode consistir simplemente nunha ampliación do prazo de entrega do traballo ou tarefa cando non responde aos criterios de avaliación establecidos previamente pola profesora, pero enténdese que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e correxir os erros que se detecten.

Cando o problema está na non superación dunha proba escrita ou cuestionario, se unha vez escoitadas as razóns dadas polo/a alumno/a, a profesora considera que o único problema foi de non adicarlle suficiente tempo á preparación da mesma, fixará unha nova data para repetir a proba escrita.

Nos casos en que se trate dun alumno/a con necesidades especiais, será preciso ter en conta a valoración que se faga dende orientación e as medidas que consideren nese departamento que se deban adoitar.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A necesidade de que o alumnado adquira competencias sociais e persoais esixe que éste amose actitudes e comportamentos respetuosos cos demáis e coas normas e co seu contorno. Polo tanto, o alumnado participará en debates sobre temas relacionados coa actualidade no que se tratan xustamente valores, como a solidariedade, a comprensión, a tolerancia, o respecto

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades complementarias á formación encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:
- Semanas ou xornadas gastronómicas e turísticas.
- Conferencias e charlas especializadas.
- Cursos monográficos
- Outros actos ou xornadas propostas ao longo do curso.

Así como aquelas actividades que se desenvolven fora das instalacións do centro e que teñen relación cos contidos do módulo:
- Visita a restaurantes, hoteis, empresas relacionadas co sector etc.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Ensinanza on-line

O alumnado recibirá parte dos recursos didácticos a través de medios telemáticos.
Utilizarase preferentemente a aula virtual para envio de recursos,  realización de tarefas e seguimento do alumnado.
A aula virtual será un dos medios de comunicación e anuncios e o alumnado terá a obriga de estar pendiente das notificación que se fagan a través deste medio.

# ANEXO XIII
# MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15025682 | Fraga do Eume | Pontedeume | 2024/2025 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| HOT | Hostalaría e turismo | CMHOT01 | Cociña e gastronomía | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de adultos |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP0026 | Procesos básicos de pastelaría e repostaría | 2024/2025 | 9 | 240 | 240 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | DAMIÁN ALONSO MARTÍNEZ,LUCÍA CASAL MARTÍNEZ (Subst.) |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación corresponde ó módulo ¿Procesos básicos de pastelaría e repostaría¿ pertencente ó Ciclo Formativo de Grao Medio de Técnico en Panadaría, Repostaría e Confeitaría da Familia Profesional de Industrias Alimentarias.Ten como referente o Decreto 224/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo, así como as disposicións legais vixentes en materia educativa.
O currículo do ciclo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.
Estas persoas exercen a súa actividade nomeadamente en obradoiros artesanais ou semiindustriais que elaboren produtos de panadaría, pastelaría e confeitaría, así como no sector de hostalaría, no subsector de restauración, e como elaboradoras por conta propia ou por conta allea. Tamén exercen a súa actividade no sector do comercio da alimentación en establecementos que elaboran e venden produtos de panadaría, pastelaría.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Posta a punto dos equipamentos e instalacións de pastelaría, repostaría e confeitaría. | Posta a punto dos equipamentos de elaboración de pastelaría e confeitaría, e recoñecemento dos dispositivos e do seu funcionamento. | 10 | 5 |
| 2 | Obtención de masas e pastas de múltiples aplicacións. | Obtención de masas( folladas, batidas ou esponxadas, escaldadas, quebradas) e pastas secas( pastas de corte, pastas de crema, pastas de manga rizada e lisas..)outras masas (de pizza,pans especiais). | 100 | 45 |
| 3 | Obtención de xaropes, coberturas, recheos e outras elaboracións. | Elaboración e conservación de cremas con ovo, cremas batidas e cremas lixeiras. Elaboración de cremas, mollos e farsas para recheos salgados. Elaboración de cubertas e de preparados a base de froitas. Preparación e conservación de coberturas de chocolate. Elaboración e conservación de xaropes, conservación. | 100 | 40 |
| 4 | Decoración de produtos de pastelaría e repostaría. | Decoración de produtos en pastelaría e repostaría . Manexo do enxoval de acabamento. Aplicación das técnicas básicas de acabamento. Experimentación e avaliación de combinacións. | 30 | 10 |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Posta a punto dos equipamentos e instalacións de pastelaría, repostaría e confeitaría. | 10 |

## 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Pon a punto os equipamentos de elaboración de pastelaría e confeitaría, e recoñece os dispositivos e o seu funcionamento. | SI |

## 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Interpretouse a información contida nos documentos asociados á produción en relación cos equipamentos para empregar. |
| CA1.2 Identificouse o funcionamento, a constitución e os dispositivos de seguridade da maquinaria e dos equipamentos. |
| CA1.3 Realizáronse as operacións de limpeza, de xeito que se asegure a total eliminación dos refugallos dos produtos de elaboración e de limpeza. |
| CA1.4 Realizáronse as operacións de posta en marcha de maquinaria seguindo os procedementos establecidos. |
| CA1.5 Executáronse as operacións de mantemento de primeiro nivel. |
| CA1.6 Reguláronse e/ou programáronse os equipamentos de elaboración en función dos requisitos do proceso. |
| CA1.7 Describíronse as principais anomalías dos equipamentos e as medidas correctoras. |
| CA1.8 Verificouse a dispoñibilidade dos elementos necesarios previamente ao desenvolvemento das tarefas. |
| CA1.9 Seleccionáronse útiles, ferramentas e equipos de traballo necesarios para facer fronte á realización das tarefas. |
| CA1.10 Preparáronse os fornos, os cocedoiros, as frixideiras, os baños maría e calquera outro equipamento necesario para a elaboración, e seleccionáronse as condicións de tempo e temperatura axeitadas. |
| CA1.11 Planificouse a carga do forno, do cocedoiro, da frixideira, do baño maría e doutros equipamentos, coas cantidades e coa frecuencia axeitadas para mellorar o proceso. |
| CA1.12 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. |
| CA1.13 Participouse na mellora da calidade durante todo o proceso. |

### 4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Maquinaria básica e auxiliar. Descrición, características, clasificación e localización. Procedementos para o seu uso e aplicacións. Principais anomalías e medidas correctoras. Mantemento de primeiro nivel.<br><br>Batería, moldes e ferramentas: Descrición e características Aplicacións e procedementos de uso e mantemento. |

### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Obtención de masas e pastas de múltiples aplicacións. | 100 |

### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Obtén masas e pastas de múltiples aplicacións, e xustifica a súa composición. | SI |

### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Recoñecéronse as características xerais das masas e das pastas básicas (quebradas, batidas, escaldadas, folladas, etc.). |
| CA2.2 Identificáronse os produtos máis significativos obtidos a partir de masas e de pastas básicas. |
| CA2.3 Describiuse a secuencia de operacións integradas en cada proceso de elaboración de masas e pastas básicas de pastelaría e repostaría, con indicación das condicións en que deban realizarse, os parámetros para controlar e os equipamentos requiridos. |
| CA2.4 Realizouse o aprovisionamento de materias primas e a preparación de útiles e equipamentos a partir da ficha técnica de fabricación, ou procedementos que a substitúan, e verificouse o axuste das características dos ingredientes ao requirido no proceso. |
| CA2.5 Interpretouse a fórmula e a función de cada ingrediente. |
| CA2.6 Axustáronse para cada produto os ingredientes e a cantidade para elaborar. |
| CA2.7 Aplicáronse en cada caso técnicas de peneirado, dosificación, mesturado, amasado, refinado, batido, montado ou emulsionado, laminado, follaxe e outras necesarias. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.8 Controlouse a temperatura, o tempo e a velocidade de amasado ou batido, o espesor e outros parámetros de elaboración de masas e pastas, e aplicáronse, en caso de desviacións, as medidas correctoras necesarias. |
| CA2.9 Comprobáronse as características físicas e organolépticas das masas e das pastas obtidas (cor, extensibilidade, tenacidade, textura e fluidez). |
| CA2.10 Aplicáronse os métodos de división, formado, volteado, repouso, moldeamento, escudelamento e outros necesarios, na orde e na forma establecidas na ficha técnica de elaboración. |
| CA2.11 Obtivéronse pezas coa forma, o peso e o volume axeitados. |
| CA2.12 Executáronse as manipulacións previas á cocción no momento e na forma oportunos (cortado, pintado, volteado, incorporación de cremas e recheos, etc.). |
| CA2.13 Controlouse a temperatura e o tempo durante a cocción, e, en caso de desviacións, tomáronse as medidas correctoras necesarias. |
| CA2.14 Arrefriáronse os produtos na maneira establecida, de xeito que consigan a temperatura axeitada para un posterior procesamento. |
| CA2.15 Identificáronse as masas susceptibles de conservación por tratamento de frío (refrixeración e/ou conxelación). |
| CA2.16 Aplicáronse os métodos e asignáronse os lugares de conservación das masas e das pastas, tendo en conta as súas características e o seu destino. |
| CA2.17 Describiuse o procedemento de rexeneración de elaboracións conxeladas. |
| CA2.18 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. |
| CA2.19 Participouse na mellora da calidade durante todo o proceso. |

## 4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Organización e secuenciación de fases para a obtención de masas e pastas. |
| 0Conservación por frío e rexeneración de produtos de pastelaría. |
| Función das materias primas. |
| Operacións básicas: Bater, mesturar, amasar, incorporar, peneirar, etc. Preparación de latas e moldes. Manexo do rolete, a espátula e a manga pasteleira. Aplicación doutras técnicas básicas. |
| Masas folladas. Características. Fundamentos do proceso de follaxe. Tipos e fórmulas básicas de follaxe: básica, de manteiga, invertida e rápida. Principais elaboracións de masas folladas: milfollas, palmeiras, vol au vents, canas, cornetes, ferraduras, |

| Contidos |
|---|
| Masas batidas ou esponxadas. Características e procesos de elaboración. Principais elaboracións con masas batidas: biscoitos de molde, de prancha e compactos (plum cake, catro cuartos, mármore e bica galega), madalenas, sobados, manteigadas, soletas, mer |
| Masas escaldadas. Características e proceso de elaboración. Principais elaboracións: masa de petisú, chulas e churros. |
| Masas quebradas. Características, técnicas e procesos de elaboración. Tipos de masas quebradas: de fondos, azucrada, sablé e lintzer. Principais elaboracións con masas quebradas: tortas doces (de Santiago, de mazá, etc.) e salgadas (quiche Lorraine, etc.) |
| Pastas secas: tipos e características. Pastas de corte: florentinas, nevados, polvoróns, amendoados, etc. Pastas de crema: linguas de gato, tulipas, tellas, cigarros, cucuruchos, etc. Pastas de manga rizadas e lisas. |
| Outras masas: de pizza, de pans especiais, de empanada galega, etc. |

## 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Obtención de xaropes, coberturas, recheos e outras elaboracións. | 100 |

## 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA3 - Obtén xaropes, coberturas, recheos e outras elaboracións, e describe as técnicas de elaboración aplicadas. | SI |

## 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Clasificáronse e caracterizáronse os tipos de recheos, cremas, baños, coberturas, etc., en función das súas especificidades e das súas aplicacións. |
| CA3.2 Caracterizáronse os métodos, as técnicas e os procesos de obtención de cremas, recheos, baños, coberturas, etc. |
| CA3.3 Interpretouse a formulación de cada produto. |
| CA3.4 Identificouse a función de cada ingrediente. |
| CA3.5 Axustouse a formulación para os produtos e as cantidades que cumpra elaborar. |
| CA3.6 Realizouse o aprovisionamento de materias primas e a preparación de útiles e de equipamentos a partir da ficha técnica de fabricación, ou procedementos que a substitúan, e verificouse o axuste das características dos ingredientes ao requirido no proceso. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.7 Utilizáronse en cada caso as técnicas de elaboración apropiadas a cada produto: tostado, pelado, triturado, moído e refinado de froitos secos; mesturado, batido ou emulsionado, fundido, temperado, moldeamento, cocción, etc. |
| CA3.8 Seguiuse a secuencia de incorporación dos ingredientes. |
| CA3.9 Controlouse a temperatura, a fluidez, a cocción, e a montaxe ou consistencia de cada elaboración. |
| CA3.10 Contrastáronse as características dos produtos obtidos coas especificacións de elaboración. |
| CA3.11 Deducíronse as necesidades de conservación ata o momento da súa utilización ou rexeneración. |
| CA3.12 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. |
| CA3.13 Participouse na mellora da calidade durante todo o proceso. |

## 4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Elaboración e conservación de cremas con ovo, cremas batidas e cremas lixeiras. Ingredientes e formulación. Cremas de manteiga, inglesa e pasteleira; xema pasteleira. Cremas de améndoas, de requeixo e similares. Cremas muselina, de trufa (ganaché), Chan |
| Elaboración de cremas, mollos e farsas para recheos salgados. Ingredientes e formulación. Mollo bechamel e outros Cremas de manteiga con elementos salgados. Crema soufflé para recheo de quiches. Farsas de recheo, como a da empanada. Panada e outras. Sec |
| Elaboración de cubertas e de preparados á base de froitas. Ingredientes e formulación. Glaseado, fondant, brillo de froitas, pasta de améndoas, baño, etc. Marmeladas, confeituras, xeleas e coulis. Secuencia de operacións. Consistencia e características. |
| Preparación e conservación de coberturas de chocolate. Chocolate e coberturas: definición e tipos. Utilización de coberturas: fundido, temperado ou atemperado. Aplicación. |
| Elaboración e conservación de xaropes. Aplicacións. |

## 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Decoración de produtos de pastelaría e repostaría. | 30 |

### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Decora o produto tendo en conta a relación entre as elaboracións e as características do produto final, e valora os criterios estéticos. | SI |

### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Describíronse os principais elementos de decoración en pastelaría e repostaría, e as súas alternativas de uso. |
| CA4.2 Interpretouse a ficha técnica de fabricación para o acabamento do produto. |
| CA4.3 Verificouse a dispoñibilidade dos elementos necesarios para a terminación do produto de pastelaría ou repostaría. |
| CA4.4 Elixiuse o deseño básico ou persoal. |
| CA4.5 Realizáronse as técnicas de terminación ou acabamento en función das características do produto final, seguindo os procedementos establecidos. |
| CA4.6 Dispuxéronse os elementos da decoración seguindo criterios estéticos preestablecidos. |
| CA4.7 Aplicouse o método de conservación necesario ata o momento da súa utilización ou rexeneración. |
| CA4.8 Valoráronse os resultados finais e identificáronse as medidas de corrección. |
| CA4.9 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. |
| CA4.10 Participouse na mellora da calidade durante todo o proceso. |

### 4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Decoración de produtos en pastelaría e repostaría. Normas e combinacións básicas. Control e valoración de resultados.<br><br>Manexo do enxoval de acabamento: cartucho, aerógrafo, etc. |

| Contidos |
| --- |
| Aplicación das técnicas básicas de acabamento: pintado con ovo, flambaxe e outras técnicas decorativas. |
| Experimentación e avaliación de combinacións. |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva serán:

CA1.1 - Interpretouse a información contida nos documentos asociados á produción en relación cos equipamentos para empregar. 11%

CA1.2 - Identificouse o funcionamento, a constitución e os dispositivos de seguridade da maquinaria e dos equipamentos. 12 %

CA1.3 - Realizáronse as operacións de limpeza, de xeito que se asegure a total eliminación dos refugallos dos produtos de elaboración e de limpeza. 5%

CA1.4 - Realizáronse as operacións de posta en marcha de maquinaria seguindo os procedementos establecidos. 6%

CA1.5 - Executáronse as operacións de mantemento de primeiro nivel. 5%

CA1.8 - Verificouse a dispoñibilidade dos elementos necesarios previamente ao desenvolvemento das tarefas. 5%

CA1.9 - Seleccionáronse útiles, ferramentas e equipos de traballo necesarios para facer fronte á realización das tarefas. 6%

CA1.10 - Preparáronse os fornos, os cocedoiros, as frixideiras, os baños maría e calquera outro equipamento necesario para a elaboración, e seleccionáronse as condicións de tempo e temperatura axeitadas. 6%

CA1.12 - Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. 6 %

CA1.13 - Participouse na mellora da calidade durante todo o proceso.15%

CA2.1 - Recoñecéronse as características xerais das masas e das pastas básicas (quebradas, batidas, escaldadas, folladas, etc.). 4 %

CA2.3 - Describiuse a secuencia de operacións integradas en cada proceso de elaboración de masas e pastas básicas de pastelaría e repostaría, con indicación das condicións en que deban realizarse, os parámetros para controlar e os equipamentos requiridos. 5%

CA2.4 - Realizouse o aprovisionamento de materias primas e a preparación de útiles e equipamentos a partir da ficha técnica de fabricación, ou procedementos que a substitúan, e verificouse o axuste das características dos ingredientes ao requirido no proceso. 5%

CA2.5 - Interpretouse a fórmula e a función de cada ingrediente. 5%

CA2.6 - Axustáronse para cada produto os ingredientes e a cantidade para elaborar. 5%

CA2.7 - Aplicáronse en cada caso técnicas de peneirado, dosificación, mesturado, amasado, refinado, batido, montado ou emulsionado, laminado, follaxe e outras necesarias. 5%

CA2.8 - Controlouse a temperatura, o tempo e a velocidade de amasado ou batido, o espesor e outros parámetros de elaboración de masas e pastas, e aplicáronse, en caso de desviacións, as medidas correctoras necesarias. 5%

CA2.9 - Comprobáronse as características físicas e organolépticas das masas e das pastas obtidas (cor, extensibilidade, tenacidade, textura e fluidez). 4%

CA2.10 - Aplicáronse os métodos de división, formado, volteado, repouso, moldeamento, escudelamento e outros necesarios, na orde e na forma establecidas na ficha técnica de elaboración. 5%

CA2.12 - Executáronse as manipulacións previas á cocción no momento e na forma oportunos (cortado, pintado, volteado, incorporación de cremas e recheos, etc.). 4%

CA2.13 - Controlouse a temperatura e o tempo durante a cocción, e, en caso de desviacións, tomáronse as medidas correctoras necesarias. 4%

CA2.14 - Arrefriáronse os produtos na maneira establecida, de xeito que consigan a temperatura axeitada para un posterior procesamento. 5%

CA2.15 - Identificáronse as masas susceptibles de conservación por tratamento de frío (refrixeración e/ou conxelación). 6%

CA2.16 - Aplicáronse os métodos e asignáronse os lugares de conservación das masas e das pastas, tendo en conta as súas características e o seu destino. 4%

CA2.18 - Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. 5%

CA3.2 - Caracterizáronse os métodos, as técnicas e os procesos de obtención de cremas, recheos, baños, coberturas, etc. 7%

CA3.3 - Interpretouse a formulación de cada produto. 10%

CA3.6 - Realizouse o aprovisionamento de materias primas e a preparación de útiles e de equipamentos a partir da ficha técnica de fabricación, ou procedementos que a substitúan, e verificouse o axuste das características dos ingredientes ao requirido no proceso. 7%

CA3.7 - Utilizáronse en cada caso as técnicas de elaboración apropiadas a cada produto: tostado, pelado, triturado, moído e refinado de froitos secos; mesturado, batido ou emulsionado, fundido, temperado, moldeamento, cocción, etc. 7%

CA3.8 - Seguiuse a secuencia de incorporación dos ingredientes. 7%

CA3.9 - Controlouse a temperatura, a fluidez, a cocción, e a montaxe ou consistencia de cada elaboración. 7%

CA3.10 - Contrastáronse as características dos produtos obtidos coas especificacións de elaboración. 7%

CA3.11 - Deducíronse as necesidades de conservación ata o momento da súa utilización ou rexeneración. 6%

CA3.12 - Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental. 6%

CA4.1 - Describíronse os principais elementos de decoración en pastelaría e repostaría, e as súas alternativas de uso. 18%

CA4.2 - Interpretouse a ficha técnica de fabricación para o acabamento do produto. 17%

CA4.3 - Verificouse a dispoñibilidade dos elementos necesarios para a terminación do produto de pastelaría ou repostaría. 8%

CA4.5 - Realizáronse as técnicas de terminación ou acabamento en función das características do produto final, seguindo os procedementos establecidos. 9%

CA4.7 - Aplicouse o método de conservación necesario ata o momento da súa utilización ou rexeneración. 8%

CA4.9 - Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.8%

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN serán os seguintes:

-Probas escritas, que poderán incluir, tests, preguntas de desenvolvemento, supostos prácticos, resolución de exercicios e que suporán a porcentaxe indicada en cada una das UDs para este tipo de Instrumento de Avaliación. A proba escrita realizaráse na aula virtual, agrupando varias UD por trimestre. Esta proba terá un peso do 30%.

-Táboas de Observación sobre proba de producto, que se aplicarán sobre determinados procedementos realizados polo alumno e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UDs para este tipo de Instrumento de Avalición. Esta proba terá un peso do 60%.

-Rubrica de corrección sobre un traballo de investigación con caracter trimestral. Este traballo de investigación terá unpeso do 10%.

ROCEDEMENTOS XERAIS

Nas probas escritas ao lado do enunciado da pregunta farase constar ao valor numérico da mesma.

As probas escritas deberán ser corrixidos no prazo máximo de 2 semanas.

As probas cualificaranse sempre sobre valores numéricos totais de 10 ( ou os seus múltiplos )

O redondeo da nota quedaría como segue: se a cifra decimal é igual ou superior a 5 redondéase á nota inmediatamente superior. (exemplo:si a nota é 5.6, a nota redondeada será 6.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A avaliación vai a ser continua, e este feito permitirá a realización dun axuste ensinanza e aprendizaxe para que aqueles alumnos/as que presenten algunha carencia nos contidos poidan acadalos.

O axuste realizarase mediante actividades de recuperación que constarán dun conxunto de tarefas de apoio que o profesor considere necesarias para mellorar a súa aprendizaxe baseados naqueles criterios de avaliación non acadados e segundo as ferrramentas establecidas para cada criterio.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para os alumnos que perderan o dereito á avaliación continua por ter faltado presencialmente máis dun 10% do total das horas do módulo terán que realizar unhas probas que incluirán tódolos contidos do módulo. Consistirá nunha proba escrita e probas prácticas. A cualificación será dun 50% para a proba escrita e un 50% para a proba práctica.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase un seguimento periódico da programación valorando a organizacións das tarefas e actividades, a coordinación con outros módulos, o grao de atención do alumnado e a evolución do mesmo na adquisicións das competencias do módulo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial que permita adecuar a metodoloxía e probas as necesidades do grupo,  así coma as dificultades detectadas nun principio. Realizaranse test ou preguntas curtas para constatar os

coñecementos previos, así como actividades de realización moi sinxelas para ver as habilidades e destrezas iniciais, e rexistranrase as características xerais do grupo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Tomaranse tódalas medidas oportunas para poder adaptarse ó alumnado que así o requira, facendo as adaptacións metodolóxicas pertinentes.
No caso de alumnado con necesidades educativas especiais comunicarase a persoa responsable de orientación a situación para que realice unha valoración de se procede aplicar unha flexibilización curricular.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Entre as innovacións da reforma , destaca prestar unha especial atención ós temas transversais , por ser imprescindibles para acadar a formación integral da persoa , estes apelan a condutas : educación para a convivencia ( respecto á autonomía dos demais, diálogo como forma de solucionar as diferenzas ). Educación multicultural (espertalo interese por coñecer outras culturas , desenvolver actitudes de respecto e colaboración cos grupos minoritarios. Educación non sexista (analizar criticamente a realidade e correxir prexuizos , consolidar hábitos non discriminatorios) etc. En canto aos aspectos estrictamente profesionais porase en valor o aforro enerxético, a xestión de residuos, a importancia da alimentación na saúde e educación colectivas, o valor engadido dos produtos de produción local, de produción ecolóxica ou de calidade. Por otra banda, fomentarase outros aspectos culturais como a importancia do coñecemento de linguas e culturas foráneas para o desenvolvemento cultural e profesional.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como complemento ó método de ensino aprendizaxe desenvolvido no centro realizaranse outra serie de actividades tales como:
Asistencia a concursos, conferencias, festas ou feiras gastronómicas.
Visita e análise de establecementos hostaleiros: hoteis, restaurantes, balnearios, complexos turísticos...
Visita a outros centros da especialidade ou afíns de outras rexións xeográficas.

# ANEXO XIII
# MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15025682 | Fraga do Eume | Pontedeume | 2024/2025 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| HOT | Hostalaría e turismo | CMHOT01 | Cociña e gastronomía | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de adultos |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP0048 | Produtos culinarios | 2024/2025 | 10 | 350 | 350 |
| MP0048_12 | Elaboración de produtos culinarios mediante técnicas tradicionais | 2024/2025 | 10 | 240 | 240 |
| MP0048_22 | Elaboración de produtos culinarios da gastronomía galega e de novas tendencias | 2024/2025 | 10 | 110 | 110 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | DAMIÁN ALONSO MARTÍNEZ,LUCÍA CASAL MARTÍNEZ (Subst.) |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A elaboración e redacción desta programación didáctica e seguindo o Decreto de curriculo 218/2008 e Decreto 38/2010

Esta profesión desenvólvese en sectores e subsectores produtivos e de prestación de servizo onde se desenvolvan procesos de preelabración, elaboración e, de ser o caso, servizo de alimentos e bebidas, como é o sector de hostalaría. Tamén en establecementos dedicados á preelaboración e á comercialización de alimentos crus, tendas especializadas en comidas preparadas, empresas dedicadas á almacenaxe, ao envasado e á distribución de produtos alimentarios, etc.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Cociñeiro/a.

Xefe/a de partida.

Empregado/a de economato de unidades de produción e servizo de alimentos e bebidas.

O centro atópase nun medio que alterna vilas de tamaño medio e ámbito rural, repartíndose a produción do sector principalmente entre establecementos de corte tradicional e outros de carácter máis estacional.

A actividade do centro educativo pretende simular un servizo de cociña e comedor flexible.

Polo anteriormente exposto a concreción da programación levará a un sistema de aprendizaxe eminentemente práctico e con unidades didácticas ordenadas e secuenciadas de xeito que se poidan abordar simultaneamente e que posibiliten ao alumnado aprender dos erros e ao docente usar as ferramentas de avaliación como un instrumento de formación máis.

Así o alumnado deberá diferenciar, clasificar, descubrir, analizar, anticipar, deducir, comparar, reflexionar e auto corrixirse.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Organización dos sistemas produtivos na restauración | Estudar e coñecer os distintos sistemas produtivos en cociña e as necesidades e distribución de espazos, equipos e útiles para a produción culinaria segundo o sistema produtivo empregado. | 28 | 10 |
| 2 | Estudo e elaboración de produtos culinarios da cociña territorial española. | A tradición culinaria española, e a súa evolución, factores implicados (orografía, recursos, clima, influencias históricas, costumes e tradicións). As diferentes rexións gastronómicas e cociñas autonómicas. Alimentos con garantía de orixe ou tradición e localización xeográfica. | 30 | 14 |
| 3 | Estudo e elaboración de produtos culinarios da cociña internacional e do mundo. | Principais características da cociña internacional. Cociñas do mundo. Cociña europea, asiática, americana, africana e de Oceanía. | 40 | 12 |
| 4 | Estudo e aplicación das novas tecnoloxías empregadas na produción culinaria | Coñecemento das tecnoloxías culinarias avanzadas e elaboración de pratos combinando estas técnicas. As texturas na cociña e coccións a baixa temperatura. | 40 | 14 |
| 5 | Estudo da historia e evolución da cociña. | A historia da cociña. Movementos gastronómicos (Nouvelle cuisine, cociña moderna, cociña de produto, cociña de mercado, cociña de autor, cociña creativa, deconstrución, cociña fusión). | 24 | 6 |
| 6 | Estudo das transformacións fisico-químicas dos alimentos. | Composición química dos alimentos e principais transformacións: enranciamento e hidroxenación dos lípidos, caramelización e reacción de Maillard, pardeamento enzimático, desnaturalización das proteínas). | 18 | 5 |

